

POBOACIÓN LOCAL E AREAS PROTEXIDAS EN NAMIBIA. PERCEPCIÓN SOBRE OS EFECTOS NA SALAMBALA CONSERVANCY.

Daniel Del Río FRANQUEIRA

Departamento de Xeografía. Universidade de Santiago de Compostela

Danieldel.rio.franqueira@usc.es,

José Antonio Aldrey VÁZQUEZ

Departamento de Xeografía. Universidade de Santiago de Compostela

joseantonio.aldrey@usc.es

Ndapewa Fenny NAKANYETE

Department of Geography. University of Namibia.

Nnakanyete@unam.na

Resumo

Durante os últimos 130 anos a conservación da natureza ten sido unha das cuestións que máis preocupación xerou na sociedade. E dentro deste tema, os espazos protexidos foron unha das ferramentas pioneiras e máis importantes. A súa definición, obxectivos e lexislación foi mudando co paso do tempo, pasando de ser entes illados a formar parte de redes internacionais. É neste contexto onde xorde o sistema de espazos protexidos namibio, onde o seu modelo coñecido como *Conservancies* acadou un forte recoñecemento internacional, ao ser capaz de xuntar conservación e desenvolvemento nun mesmo proxecto. Este artigo centrase en comprender o éxito deste tipo de espazo protexido e en que grao o papel da poboación local é un factor clave do mesmo.

Palabras chave: Espazos protexidos, Percepción, *Conservancy*, Namibia.

Abstract

During the last 120 years our society has been concerned about nature conservation and more especially about protected areas as the first and more important tools. Definition, objectives and legislations have changed through the time, from isolated spaces to areas included in international networks. This is the context where the Namibian protected areas network known as *Conservancies* emerges obtaining international recognition. This model can reach both conservation and development goals in the same projects. This article focuses on understanding the success of this protected area and the importance of the local people.

Key Words: Protected areas, Perception, *Conservancy*, Namibia.

1. Un novo paradigma da conservación da natureza.

A relación entre os seres humanos e o medio ambiente é un tema complexo e que foi evolucionando a distinta velocidade e de forma diferente en cada sociedade (Depraz, 2008). Saber que concepción da natureza ten a sociedade é imprescindible posto que as políticas entorno á mesma vanse ver fortemente influenciadas por ela. Como di Veyret (2001) cada visión da natureza dá lugar a formas de xestión e obxectivos diferentes dos espazos protexidos.

A grandes trazos atopamos que tres ideas de relación entre humanos e natureza son recoñecidas: a ética antropocéntrica, a biocéntrica e a ecocéntrica. A primeira delas considera que só o ser humano ten valor en si mesmo, valor intrínseco, e que a natureza está ao seu servizo. O valor da mesma ven asociado aos beneficios que lle poida proporcionar á sociedade (González, 2008). A visión biocéntrica establece que a natureza ten valor por si mesma, con independencia de que poida ser utilizada ou non polo ser humano. Por último, a visión ecocéntrica di que o ser humano forma parte da natureza e que o valor está precisamente nas relacións que se establecen entre os diferentes elementos que a compoñen, do sistema.

Ese conxunto de ideas deron lugar a diferentes correntes e interpretacións sobre espazos protexidos que orientaron as políticas que dentro deles se implementaban, así como o seu papel no conxunto do territorio.

A primeira delas nace coa declaración de Yellowstone (1872) como primeiro Parque Nacional do mundo (Hirschnitz-Garbers e Stoll-Kleemann, 2011). A súa protección xorde como prevención fronte ó desenvolvemento do turismo que se estaba dando cara ó oeste dos Estados Unidos. Busca protexer o pintoresco, a idea de América Salvaxe que os primeiros colonos atoparon ao chegar ao país. E, ao mesmo tempo, é utilizado de xeito simbólico para afianzar a identidade da recente nación. Os primeiros Parques Nacionais de Europa, África e Oceanía tamén seguen esta idea.

O paradigma radical (baseado na ética biocéntrica) dá lugar á idea de espazo illa. Un dos termos máis empregados ao longo do tempo para referirse a moitas das áreas protexidas. Esta visión establece que estes deben manterse totalmente á marxe da sociedade, pois preconiza que tanto o ser humano como as súas actividades son a causa dos problemas medioambientais. Unha visión de que durará máis de 100 anos (Mose e Weixlbaumer, 2007).

“As áreas naturais protexidas deben ser mantidas por riba dos intereses das poboacións locais e sen que medie necesariamente unha conexión coas políticas de desenvolvemento local e rexional. Esta visión nega tamén toda posibilidade de balance entre conservación e produción” (Toledo, 2005).

A terceira corrente en cuestión, ligada a visión ecocéntrica, coñécese como paradigma integrador. Esta xurdiu paralelamente aos novos postulados sobre crecemento económico e desenvolvemento sostible. Caracterízase por ver os espazos protexidos como unha ferramenta para o desenvolvemento das comunidades que viven dentro do mesmo, dándolle á poboación local un papel importante na toma de decisións. Pásase deses espazos illa mencionados anteriormente a teren sidos en conta coma un actor máis do territorio. Phillips (2003) resume perfectamente o paso das dúas primeiras á nova visión dos espazos protexidos na táboa I.

Táboa I. Novo e vello paradigma segundo Phillips (2003).

Tema	Como eran	Como son
Obxectivos	Para a conservación Establecidas para a protección da vida silvestre e beleza escénica Xestionadas principalmente para os visitantes e os turistas Valoradas como "salvaxes". Para a protección	Manexadas tamén con obxectivos sociais e económicos. Establecidas por razóns económicas, culturais e científicas. Xestionadas con a xente local na mente. Valoradas pola importancia cultural do que se coñece como "silvestre". Tamén para restauración e rehabilitación
Gobernanza	Goberno central	Por moitos actores
Poboación local	Planeadas e xestionadas contra a xente Xestionadas sen ter en conta as opinións locais.	Xestionado con, para e ás veces por xente local. Xestionadas para cumprir as necesidades da poboación local.
Contexto	Desenvolvidas de xeito separado, como espazos illa.	Planeadas como parte dun sistema nacional, rexional e internacional. Desenvolvidas como redes (zonas estritamente protexidas, zonas de transición e corredores)
Percepcións	Un ben nacional e de interese nacional.	Ben para a comunidade, interese internacional.
Técnicas de xestión	De forma reactiva, nunha escala de tempo curta. De xeito tecnocrático	Xestionadas adaptativamente a longo prazo. Con consideracións políticas.
Financiamento	Pagadas polos contribuíntes	Pagadas por diferentes fontes.
Capacidade de xestión	Xestionadas por científicos e expertos en recursos naturais.	Xestionadas por persoas con diferentes capacidades.

Fonte: Phillips (2003)

Como se observa na Táboa I, resumo de Phillips (2003), hai unha evolución entre o que se consideraban os espazos protexidos ata os anos 80 e o que se consideran a día de hoxe. Entender o paradigma dominante é moi importante, pois a lexislación en canto a protección virá dada polo mesmo. Como na lexislación se establece ademais o papel da poboación local na planificación e xestión, esas ideas universais están presentes aínda que non se vexa de forma clara. E é precisamente nese contexto de "novo" paradigma no que se presenta o caso de estudo exposto neste artigo, pois Namibia é coñecida por presentar un dos sistemas de espazos protexidos máis inclusivos e efectivos do mundo.

2. Namibia como exemplo novo paradigma da protección.

2.1. Un sistema de espazos protexidos en continua expansión.

Namibia é un dos países do continente africano que máis tarde acadou a independencia, pois tan só pasaron 26 anos dende que se separou de Sudáfrica en 1990. É un estado coñecido mundialmente polas súas políticas destinadas á conservación da natureza e, como din Weaver e Petersen (2008), ten




Figura 1. Espazos protexidos en Namibia.

un dos programas máis innovadores en xestión de espazos protexidos (en diante EP). Ten ademais unha longa historia en canto á protección da natureza (Bernard et al, 1998).

Táboa II. Nomenclatura das áreas protexidas

Áreas protexidas estatais:

A. Hardap Recreation Resort; B. Daan Viljoen Game Park; C. Cross Barmen Hot Springs; D. Cape Cross Seal Reserve; E. Von Bach Recreation Resort; F. Skeleton Coast Park; G. Etosha National Park; H. Namib-Naukluft Park; I. Naute Recreation Resort; J. Popa Game Park; K. Waterberg Plateau Park; L. Mamili National Park; M. Mudumo National Park; N. Ai-Ais- Hot Springs; Ñ. Bwabwata National Park; O. Sperrgebiet National Park; P. Khaudum National Park; R. Mangetti National Park; S. Marine Protected Area ;T. Dorob National Park.

Conservancies:

1. Nyae Nyae; 2. Salambala; 3.Khoadi-//hoas; 4.Torra; 5. Wuparo; 6.Doro Inawas; 7. UIBasen Twyfeifontein; 8.Kwandu; 9. Mayuni; 10.Puros; 11.Marienfluss; 12.Tsiseb; 13. Ehi – Rovipuka; 14. Oskop; 15.Sorris Sorris; 16.Mashi; 17.Omatendeka; 18. Otjimboyo; 19.Uukwaluudhi; 20.Orupembe; 21.Okangundumba; 22.//Huab; 23.¡Khob ¡Naub; 24.//Gamaseb; 25.Anabeb; 26.Sesfontein; 27.Sanitatas; 28. Ozondundu; 29. N=a Jagna; 30. Gaingu; 31. Joseph Mbambangandu; 32. Uukolonkadhi Ruacana; 33. Ozonahi; 34.Shamungwa; 35. Sheya Shuushona; 36. ¡Gawachab; 37. Muduva Nyangana; 38. Otjituuo; 39. African Wild Dog; 40. King Nehale; 41. Gorge Mukoya; 42. Okamatapati; 43. Kasika; 44. Impalila; 45. Balyerwa; 46. Ondjou; 47. Kunene River; 48. Ohungu; 49. Sobbe; 50.//audi ;51. Ovitoto; 52. ¡Han/Awab; 53. Okondjombo; 54. Otjambangu; 55.Eiseb; 56.Sikunga; 57.Okongo ; 58.Huibes; 59.Dzoti; 60.Otjitanda; 61.Otjombinde; 62.Orupupa; 63.OMURAMBA UA Mbinda; 64.Bamuru; 65.¡Khoru !Goreb; 66.Kabulabula; 67.Okongoro; 68.Otjombande; 69.Ongongo; 70. Ombujokanguindi; 71. Otuzemba; 72.Otjiu-West; 73. Lipumbu ya Tshilongo; 74. Okatjandja Kozomenje; 75. Ombazu; 76.Okanguati; 77.Epupa; 78. Otjikondavirongo; 79. Etanga; 80.Nakabolelwa; 81. Ombombo; 82.Lusese:

Fonte: Elaboración propia

A lei de 1996 dálle dereito á poboación local para que xestionen de xeito sostible as áreas nas que viven e os animais que viven dentro das mesmas (como trofeos de caza, venda legal de animais, turismo), contribuíndo os beneficios destas actividades á mellora do seu nivel de vida. Esta lei recoñece a propiedade dos residentes equiparándoa á dos propietarios privados (que xa tiñan dereito a utilizar as terras e determinadas especies animais dende a Lei de 1967) (Weaver e Petersen, 2008).

Esa nova lexislación deu lugar a un cambio de actitude na poboación local (os animais deixan de ser vistos como competencia e pasan a formar parte dun recurso para a obtención de beneficios) e á aparición das *Conservancies* como espazos protexidos bandeira desa nova normativa, como se verá liñas máis adiante. Nestas décadas tanto o número de espazos protexidos como a súa diversidade foi incrementándose de xeito espectacular (Barnard ed al, 1998) ata chegar ao modelo actual onde o

43,3% da superficie ten algún tipo de protección (Ministerio de Medio ambiente). Así, a rede de EP de Namibia conta con 20 espazos de protección estatal (sendo a maioría parques nacionais, cubrindo o 12,7% da superficie), composto ademais por outras figuras de distinto rango (*Freehold Conservancy, Community Forest, e Concession*). Un sistema que polos seus logros conseguiu unha gran proxección e recoñecemento internacional.




Figura 2: Evolución da superficie protexida en Namibia. Fonte: Ministerio Medio Ambiente.



Figura 3. Sossusvlei, no Parque nacional Namib-Naukluft. Imaxe de Daniel del Río Franqueira . (8/03/2016).

Como se observa, dende os anos 90 houbo unha multiplicación da superficie baixo algún sistema de protección, sendo a que menos se incrementou a referente aos parques nacionais (Figura 2). Pola contra, as *Conservancies* acumulan máis da metade do incremento, dende que se rexistraran as 4 primeiras en 1998. Entre os espazos máis recoñecidos a nivel internacional están o Parque Nacional de Ethosa (1907), o Parque Nacional Skeleton Coast (1971) ou o Parque Nacional do deserto do Namib (1979) do que se mostra unha imaxe na figura 3.

2.1 Bases legais da protección da natureza. A *Conservancy* como modelo internacional.

A lexislación das áreas protexidas en Namibia comeza coa lei *Nature Conservation Ordinance* No.4 de 1975, mentres o país estaba baixo o dominio de Sudáfrica, reproducindo o contido da súa lei de 1927. Non é ata chegar á súa independencia en 1990 cando comeza a haber modificacións. Ata que se promulgou esa nova lexislación só se contemplaban dous tipos de EP diferentes: as *Games Reserves* e *Natural Reserves*. Nas mesmas, a poboación que habitaba dentro desas figuras non podía participar na súa xestión, e mesmo non podían realizar as actividades que levaban facendo toda a súa vida, como cazar animais, cultivar a terra ou ter o gando onde sempre o tiveran. Presentaba pois, unha lexislación moi coercitiva xa que impedía case calquera intervención do ser humano neses espazos, seguindo o paradigma radical, ou o que é o mesmo, adoptaron o modelo *Yellowstone* de protección da natureza, e todo iso nun contexto de *Apartheid* (no que era impensable que a poboación negra local tivese ningún dereito de propiedade sobre a terra ou os recursos naturais) (Barnard e Al, 1998).

En 1996 apróbase a *Nature Conservation Amendment ACT*. Esta nova lei ven cambiar a situación e dálle dereitos legais de xestión e utilización á poboación local sobre os recursos naturais, en igualdade de condicións cos propietarios privados. As *conservancies* son a plasmación legal e territorial deses dereitos e desa coxestión entre poboación local e Estado (Berkers, 2004). Representan ademais a fórmula de protección máis próxima ao paradigma integrador, mencionado no primeiro apartado.

As *conservancies* son un tipo de espazo protexido considerado dos máis exitosos a nivel internacional (Pellis et Al, 2015) tanto pola súa positiva repercusión na conservación de especies (producíndose un forte incremento no número rinocerontes negros, elefantes ou leóns) como pola mellora das condicións de vida da poboación que vive nelas (Long, 2004). Hai diferencias entre as definicións dependendo do autor aínda que sempre teñen en común que se poden conseguir tanto os obxectivos naturais como os da mellora do nivel de vida da poboación que vive nelas (Bekers, 2004).

“É unha área rexistrada legalmente con fronteiras claramente definidas, un corpo de xestión constituído formalmente e dirixido pola comunidade para o desenvolvemento dos residentes e o uso sustentable da vida salvaxe é turismo” (NACSO¹,2015)

Así mesmo presenta os seguintes trazos:

¹ Namibian Association of CBNRM Support Organisations, sendo CBNRM acrónimo de Community-Based Natural Resource Management.

1. Xestionados por un grupo electo para servir ós intereses de todos os seus membros
2. Un lugar onde os residentes poden engadir beneficios vidos da vida salvaxe e o turismo unidos ás actividades gandeiras tradicionais.
3. Un lugar onde a vida salvaxe aumenta en número ao ser xestionada para aumentar a produtividade.
4. Un lugar onde o valor dos recursos naturais se incrementa, aumentando o valor da terra.
5. Un foro a través do cal servizos e desenvolvemento poden ser canalizados e integrados
6. Zonificado en múltiples usos para minimizar os conflitos e maximizar os intereses de todos os "interesados" (NACSO, 2015).

O elemento fundamental destas estruturas é a toma de decisións por parte da poboación local que vive dentro dos espazos protexidos. As *conservancies* son a expresión institucional dos CBNRM² en Namibia. Por lei, son manexadas por comités locais de *Conservancy* co fin de redistribuír os beneficios da natureza (Vette et Al, 2012).

Unha vez aprobados os cambios nas normativas relativas á protección da natureza, a xestión da terra e dos recursos naturais volve a mans da poboación local (Kahler e Gore, 2015). Estes, con axuda do goberno, de ONGs e do sector privado, firman un acordo polo que se implanta a *Conservancy*. Isto supón unha aproximación dende abaixo, onde a propia poboación é quen xestiona os recursos.

O sistema de xestión estaría composto por un comité formado por xente da comunidade, que se encargaría de tomar as decisións e a redistribución dos beneficios. Pero aínda así, hai autores que din que esa xestión dende abaixo non se realiza ben (Schiffer, 2004) e que o goberno e as ONGs manipulan á poboación local.

3. Área de estudo e metodoloxía empregada

Salambala Conservancy atópase situado no nordeste de Namibia, na rexión chamada Zambezi (anteriormente coñecida como Caprivi). Esta rexión é unha das menos desenvolvidas do país tanto en ingresos por persoa como en infraestruturas. Cunha superficie de 915 km² foi creada en 1998 e conta cunha poboación aproximada de 9.000 habitantes³ en 2015. Como se pode observar na figura 1, a delimitación das fronteiras do país e das rexións recorda a esa imaxe de 1889 onde África era repartida con escuadra e cartabón. Isto significa que a delimitación non seguiu ningún tipo de esquema físico ou cultural, con todos os problemas que iso orixinou e orixina. Dentro da rexión de Zambezi, atópase na zona leste da mesma. Limita ao sur e sueste co Río Chobe, que aquí si, fai de fronteira natural (e política) coa República de Bostwana. Ao mesmo tempo, limita co Parque Nacional de Chobe, pertencente ao país veciño. Os outros límites foron establecidos polas comunidades locais. Atópase atravesada pola estrada que une Windhoek con Katima Mulilo (capital da rexión) e que continúa,

² Community-based Natural Resource Management

³ Datos do Ministerio de Medio Ambiente Namibio para 2015. Son cifras aproximadas, pois a fiabilidade dos censos existentes é moi baixa.

cruzando Botswana e Zimbabwe, ata as cataratas Victoria. O último elemento a destacar da súa localización é a presenza do paso fronteirizo de Ngoma, onde ademais se atopa a sede da *Conservancy*. Este feito dálle un valor xeostratéxico incalculable, tanto a nivel rexional como dentro do mesmo país. Por último, localízase no centro da reserva trasfronteiriza coñecida como KAZA (Kavango, Zambezi), formada por diferentes espazos protexidos pertencentes a Ángola, Zambia, Namibia e Botswana.



Figura 4. Salambala Conservancy. Imaxe de Daniel del Río Franqueira (17/02/2016)

A paisaxe de Salambala é moi diversa. A predominante é unha mestura de sabana con árbores dispersos (queimada anualmente dende hai centos de anos para manter os pastos dos que se alimenta o gando) e de espazos que pasan gran parte do ano mergullados pola crecida do río Chobe, especialmente na época de choivas. O outro elemento característico son as plantacións de millo e outros produtos e as paisaxes que conforman. É principalmente unha agricultura de subsistencia.

Salambala sitúase ademais nun dos puntos de maior biodiversidade do planeta, permite atopar un gran número de especies. Entre os animais que se poden ver encóntranse leóns, elefantes, xirafas, cebras, hipopótamos, crocodilos, búfalos, kudus ou etlands. De feito, só falta o rinoceronte, que pretenden reintroduci-lo nun futuro próximo, para contar cos “*Big Five*” da fauna africana. Se por algo destaca, ademais de pola fauna grande, é pola gran variedade de aves que habitan esta rexión. Poden verse facilmente especies como a aguia pescadora (símbolo do país), o martín pescador, diferentes especies de garza, etc. Serpes como a mamba negra ou o pangolín tamén poden ser atopados.

O clima é tipicamente intertropical con dúas estacións claramente diferenciadas. Unha chuviosa entre os meses xaneiro e abril. A temperatura media rolda os 20 graos, sendo a máxima media de 29 e a mínima media de 15. Os meses máis cálidos son setembro e outubro, con 33 graos. Ao estar dentro do espazo intertropical non sofre unha gran variación térmica ao longo do ano. Litoloxicamente está composta por rochas de tipo sedimentario, que fan que a característica máis salientable deste espazo sexa o seu relevo chan. Predominan os depósitos do Kalahari (diferentes bandas de areas) que o modelado fluvial foi erosionando. O elemento principal da rede fluvial é o río Chobe, afluente do Zambezi, cun caudal moi variable en función das precipitacións.

A poboación do espazo protexido, como se indicou, é de preto de 9.000 persoas, distribuídas nun total de 17 aldeas. As máis grandes, actuando como unha especie de “centros de servizos” son Bukalo, ao norte, e Ngoma, no sur. O espazo presenta unha maior densidade que a media do país (Salambala conta con 10 hab/km² fronte aos 2,5 hab/km² de Namibia). A media de idade é moi nova, e non difire moito dos datos do país, sen embargo a taxa de mortalidade é bastante elevada, pois o virus do VIH presenta unha gran incidencia no espazo. A etnia predominante son os Lozi. Desas 9.000 persoas non todas forman parte da comunidade: Isto acontece porque é preciso cumprir unha serie de requisitos para formar parte da mesma, sendo o máis importante a antigüidade de residencia dentro do espazo protexido.

A poboación organízase en 17 pequenas comunidades dirixidas por un/unha xefe/a tribal, que a día de hoxe supón gran poder económico e social. Todas as decisións referentes á súa comunidade deben pasar polas súas mans. Presenta ademais, unha economía fundamentalmente de subsistencia, onde a agricultura (principalmente de millo) así como o gando vacún e caprino forman a base sobre a que se sustentan. A caza desapareceu dende que se protexeu o espazo, mentres que a pesca (no río Chobe) segue sendo posible durante unha parte do ano. O turismo foi gañando importancia dende que se protexeu, tendo un *Camp Site* (lugar para acampar), con espazo para 8 tendas e un *lodge* (complexo turístico) con 20 casas. Isto, permitiu diversificar a economía. O turismo vai no esencial para cazar, para facer safaris e, nos últimos tempos, turismo ornitolóxico.

A maior participación dos habitantes na xestión dos espazos protexidos, que introduciu o novo paradigma integrador, supón o recoñecemento de facto das *Conservancies* debido á aceptación e implicación das poboacións locais que este feito supuxo. Isto foi o que nos decidiu a realizar entrevistas nun deses espazos protexidos. Unha vez seleccionada a área de estudo, leváronse a cabo entrevistas informais a 19 habitantes do espazo para identificar a súa percepción sobre o mesmo, e 8 entrevistas en profundidade e semidirixidas aos xestores do parque, representantes de ONGs e de organismos do goberno. As primeiras, e dadas as dificultades de lingua e desprazamento, realizáronse de xeito informal coa axuda dun tradutor. Preguntouse por que é Salambala, se houbo cambios dende que se implementou e como é a relación cos xestores. No caso das entrevistas en profundidade, optouse pola modalidade semidirixida, xa que cremos que é a mellor para analizar o discurso dos entrevistados, dándolle certa liberdade mais derivando a análise cara dous bloques: un bloque para analizar o lugar no que colocan dentro do discurso á poboación local e outro bloque no que se analizan os obxectivos do espazo protexido.

4. Análise de resultados

Como comentamos no apartado anterior, a través de 19 entrevistas informais recollemos a opinión de diferentes persoas que viven dentro do perímetro do espazo protexido.

- En primeiro lugar sorprende o sentimento de pertenza a ese territorio (creado por eles mesmos):

E_1 “ a NOSA *Conservancy* é a mellor⁴”.

E_8 “A NOSA *Conservancy* (...) si, que están en Ngoma”.

E_12 (Nos) “ Pertencemos á *Conservancy*”.

- Visión da fauna salvaxe como un elemento positivo:

E_2 “ Aínda necesitamos mercar máis animais. En Namibia somos os mellores” (en protección da natureza)

E_6 “ Hai máis animais e máis beneficios”

E_8 “ Se cuidamos os NOSOS animais, teremos máis beneficios”.

E_10 “ Aínda NOS queda o Rinoceronte para ter os BIG FIVE”.

- Visión positiva dos beneficios:

E_1 “ Hai máis carne, máis postos de traballo, máis diñeiro. Todo está controlado “.

E_3 “ Hai máis traballos grazas á *Conservancy*. DAN diñeiro a xente”

E_4 “ Hai beneficios (...) pero non reparten todo o que deberían”.

E_6 “ É mellor que os parques privados. Hai 35 persoas traballando no *Lodge*”.

E_8 “ Hai máis turistas, sempre paran, mercan algo”. “Están (a *Conservancy*) facendo cousas pola comunidade”.

E_11 “ Hai máis traballo, ó estar ó lado de Chobe”.

E_14 “ Axúdannos (A *Conservancy*) a manter os cultivos a salvo”.

- Mais tamén se mencionan elementos que xeran conflito:

E_15 “ A verdade é que non hai moitos turistas, non veñen todos os que pensábamos que ían vir”.

E_5 “ Hai ataques de leóns, elefantes”.

E_11 “ Hai máis ataques de leóns, de elefantes. Matan a nosa economía. Non pagan (a *Conservancy*) polos nosos animais o prezo que deberían”.

E_4 “ Non reparten todo o que deberían”.

E para entender ese maior sentimento de pertenza ao espazo protexido e ao territorio, así como esa visión tan positiva da presenza de animais e dos beneficios que xera a protección, recorreuse a entrevistas en profundidade con persoal da *Conservancy*, de NACSO, do IRDCN e do Ministerio de Medio Ambiente. Para iso, mostramos algunhas das citas recollidas nas entrevistas. De xeito illado poden carecer de coherencia, pero poñen o acento en ideas concretas relacionadas co novo paradigma.

⁴ Traducción da lingua Lozi por parte dun interprete local ao inglés. Traducción propia do inglés ao galego.

- En primeiro lugar, algo ao que todos os entrevistados recorren é á necesidade de que a xente que vive dentro de Salambala se sinta participe do que alí pasa e se sinta apropiado do que representa.

EP_1 “ Deixádenos involucrar á xente”, “ o goberno dálles (á poboación local) poder”.

EP_1 “ Séntense propietarios dos recursos naturais”.

EP_2 “ Eles (poboación local) senten a propiedade, séntense propietarios da vida salvaxe, séntense propietarios dos recursos naturais”.

EP_2 “ Deixémolos (á poboación) ter voz na xestión. Eles son quen controlan. Se ninguén se beneficia, din: non é o meu problema. E deixan de lado os animais”.

EP_3 “ As *conservancies* son un elemento institucional onde as comunidades poden tomar decisións sobre o que alí pasa e os seus recursos”.

EP_3 “ Toman decisións, é un paisaxe aberto”

EP_3 “ Hai xente que ten ataques de elefantes, leóns. Non podes protexer sen telos en conta”.

EP_4 “ Gañar dereitos das comunidades sobre os recursos naturais, axudándoos, é o importante”

EP_4 “ Sempre hai algún comité (de aldea) que funciona mellor ca outro”.

EP_4 “ Incrementar o control dos recursos por parte da poboación local é o principal obxectivo”.

- Para iso é importante coñecer ben o que pasa, equilibrio entre pasado e presente, pero sen impoñer cambios:

EP_3 “ Cambio ten que vir coa lexislación. Esa lei foi unha oportunidade. Prometestes isto, tedes que deixarme facelo”.

EP_3 “ vivindo a súa vida normal (...) se queres faino”.

EP_3 “ leva tempo que se sintan ligados aos espazos. Pero con tempo, séntense propietarios”.

EP_4 “ Diferentes organismos pero todos loitando polos mesmos obxectivos, non competindo”.

EP_4 “ KAZA (parque internacional do que forma parte Salambala) nunca funcionará se non se fai a nivel local”. “ Déixaos (á xente) traballar xuntos”.

- Unha ferramenta para obter beneficios:

EP_2 “ Unha *conservancy* non vai de ingresos, vai de beneficios que eles poden ter sobre a natureza”.

Ep_2 “ Se ves que a unha lle vai ben, van querer máis”

EP_3 “ O turismo pode engadir beneficios, pero tes que controlalo. Foi algo que aprendín estudando en Australia”.

EP_3 “ Unha oportunidade de xestión, sen cambiar a forma de vivir da xente, unha ferramenta para educar, para engadir beneficios”.

EP_3 “ ferramenta para educar”

EP_3 “ Levou tempo en Salambala obter beneficios”.

EP_3 “ Caza como parte do sistema ecolóxico que fai que aumente o número de animais salvaxes e da preocupación da poboación local por coidalos”.

EP_3 “ Hai que ser adaptativos (nos obxectivos e beneficios).”

EP_4 “ Para eles un traballo é un beneficio”.

5. Conclusións

Certamente, unha análise máis en profundidade é precisa para comprender o funcionamento do sistema de EP de Namibia e a súa integración coa poboación local (o cal se desenvolverá no proxecto de tese doutoral en realización por un dos autores⁵), máis unhas primeiras conclusións poden ser obtidas nesta fase exploratoria.:

- Unidade no discurso entre os diferentes actores encargados da xestión.

Despois de realizar entrevistas en profundidade a diferentes actores encargados da xestión (incluídos os xestores, que son poboación local). Todos presentan, sexa cal sexa o nivel e organismo que representen, unha focalización en cuestións como o desenvolvemento sostible, dar voz á poboación local e redistribución dos beneficios. Así mesmo, analizando as entrevistas, os mesmos actores son conscientes de que esa unidade de discurso é o que os leva a obter un maior grao de aceptación e éxito.

- Poboación local no centro da protección.

As persoas entrevistadas fan referencia á xente que vive dentro das *Conservancies* e a súa inclusión dende os primeiros pasos da creación do espazo, como un dos baluartes do seu grao de aceptación. O primeiro paso para a creación dun espazo protexido desta característica é que a comunidade o solicite. O feito de que xurda dende abaixo como demanda da poboación local e non imposto polo goberno xera unha maior aceptación.

- Xestores locais apoiados pola administración.

Outro dos puntos clave é a composición dos órganos de xestión. As principais decisións adóptanse por consenso en comités nos que se unen representantes de cada “aldea”. As accións planificadas polos xestores (orientados por profesionais de diversas ramas) son validadas ou non por eses comités que se reúnen anualmente.

- Apropiación.

O factor clave é que a xente se sente propietaria do EP e da fauna que vive dentro. Esta apropiación ten repercusións na relación cos EP por parte da poboación local, xa que o grao de coñecemento sobre a mesma é amplo (todos os entrevistados saben que é Salambala) e saben onde está a sé do parque (o cal mostra tamén que coñecen aos xestores e onde se localiza a oficina). Derivada da mesma, prodúcese unha asociación do aumento de animais á mellora das condicións de vida (representada aquí por incremento de número de postos de traballo, beneficios económicos e infraestruturas). Isto tradúcese nunha redución da caza furtiva e nun incremento sostido de determinadas especies, como mostran os estudos da *Conservancy*.

- Tamén se observan elementos menos positivos: Conflitos coa fauna e reparto de beneficios.

A pesares do grande éxito destes espazos, tanto das entrevistas informais coa poboación local como cos diferentes xestores do parque e outros organismos, fixo aflorar numerosas críticas.

⁵ Daniel del Río Franqueira “Espazos protexidos e ordenación territorial: Análise comparativo de casos galegos e internacionais”.

Por unha banda, os habitantes critican o aumento dos conflitos cos animais salvaxes, especialmente leóns que atacan gando, e elefantes que fan incursións nas terras cultivadas. As principais queixas van encamiñadas ás baixas contías das axudas para os afectados. Do mesmo xeito critican que non todos os investimentos se executan correctamente, e que non se redistribúen todos os beneficios como deberían (crítica a algúns “chiefs” das aldeas, que se quedan con parte do diñeiro).

6. Bibliografía

- Barnard, P., Brown, C. J., Jaris, A.M e Rotertson A. (1998). Extending the Namibian protected area Network to safeguard hotspots of endemism and diversity. *Biodiversity and Conservation*.7. 531- 547.
- Berkers, F. (2004). Rethinking community-based conservation. *Conservation Biology*, 18(3). 621-630.
- Depraz, S. (2008). *Géographie des espaces naturels protégés* (1st ed.). Paris: A. Colin.
- Hirschnitz-Garbers, M. e Stoll-Kleemann, S. (2010). Opportunities and barriers in the implementation of protected area management: a qualitative meta-analysis of case studies from European protected areas. *The Geographical Journal*, 177(4), 321-334.
- Kahler, J. S. e Gore, L. M. (2015). Local perceptions of risk associated with poachin of Wildlife implicated in human-wildlife conflicts in Namibia. *Biological Conservation*. 189, 49-58.
- Mose, I.; Wixbaumer, N. (2006). Protected areas as a tool for Regional Development? *Exploring the Nature of Management. Proceedings of the Third International Conference on Monitoring and Management of Visitor Flows in Recreational and Protected Areas*. 149-156.
- Phillips, A. (2003). Development on their head- The new paradigm for Protected Areas. *The Geogre Wriqth Forum* (20). 8 – 32
- González Oreja, J.A. (2008). La ética del Medio Ambiente. *Ciencias*, 91, 6-15.
- Long, S. A. (2004). The Implementation in CBNRM. En S. A. Long (Ed.), *Livelihoods and CBNRM in Namibia: The findings of the WILD Project* (41-53). Windhoek, Namibia. Ministry of Environment and Tourism.
- NACSO (2015). *The state of community conservation in Namibia – a review of comunal conservancies, community forest and other CBNRM initiatives (2014/15 Annual Report)*. NACSO, Windhoek. Namibia.
- Pellis, A., Duineveld, M. & Wagner, L. (2015). The Path dependencies of tourism conflicts: the case of Anabeb Conservancy, Namibia. En G. Thór Johannesson, C. Ren & R. Van der Duim (Eds.), *Tourism Encounters and Controversies- Ontological Politics of Tourism Development* (115-138). Surrey, Inglaterra. Ashgate.
- Schiffer, E. (2004). *How does community-based natural resources management in Namibia change the distribution of power and influence? Preliminary findings*. DEA Research Discussion Paper, 67, 1-35.
- Toledo, V. M. (2005). Repensar la Conservación: ¿Áreas naturales protegidas o estrategia bioregional?. *Gaceta Ecológica*, 77, 67 – 83.
- Vette, M., Kashululu, R.M & Hebinck, P (2012). Conservancies in Namibia: A Discourse in action. En B. Arts, S. Van Bommel, M. Ros- Tonent e G. Verschoor (Eds), *Forest-People Interfaces*. (121-139). Wageningen , Wageningen Academic Publishers.
- Veyret, Y. e Ciattoni, A. (2004). *Géo environnement* (1st ed.). Paris: A. Colin.
- Weaver, C. L. e Petersen, T. (2008). Namibian Communal Area Conservancies. En Baldus R. D , Damm, G. R & Wollscheid, (Eds), *Best Practices in Sustainable Hunting: A guide to best practices around the world*. (48-52). Roma, Italia : CIG- International Council for Game and and Wildlife Conservation, FAO.